

---

## Resolución do director-xerente do Auditorio de Galicia

ASUNTO: Convocatoria dos Premios Festival Internacional de Cinema Curtocircuito 2022

EXPEDIENTE: 2022/G003/000165

EXPEDIENTES RELACIONADOS: 2022/A002/000001

---

Xaquín López González, Director-xerente do Auditorio de Galicia, polas atribucións concedidas no artigo 12 dos estatutos do organismo autónomo.

Vistos informes, documentación e os antecedentes que constan no expediente

### I. ANTECEDENTES:

1. A xestión da actividade cultural da Concellería de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela desenvólvese a través do organismo autónomo do Auditorio de Galicia que ten a encomenda estatutaria da realización da actividade cultural efectuada no Pleno da corporación o 15 de abril de 2004, publicada no BOP 222 de 24 de setembro de 2004.
2. Con data de 22 de decembro de 2021 o Consello Reitor do Auditorio de Galicia aprobou as liñas xerais de programación onde se contemplaba a realización do 19 Festival Internacional de Cinema Curtocircuito 2022.

### II. FUNDAMENTOS LEGAIS E TÉCNICOS

1. Segundo o expresado no artigo 12 dos estatutos do Auditorio de Galicia o director - xerente terá competencia para contratar até os 12.000 €
2. O capítulo V das Bases de execución do orzamento 2018 do Concello de Santiago establece as normas de procedemento e xestión administrativa dos premios e subvencións.
3. Existe crédito para facer fronte ao desenvolvemento da medida, acreditado por un movemento contable RC con número de operación: 220220001008 na partida 33400 48001 Premios Curtocircuito.

### RESOLVO:

Aprobar as bases polas que rexerán a concesión dos premios da 19ª edición do Festival Internacional de Cinema Curtocircuito 2022.



Compostela  
Cultura

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura electrónica  
Xaquín López González  
Director-xerente do Auditorio de Galicia

CVD: Y0edxGFq2mNrOKOsG1+1  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

---

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS  
Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO